

Residencias Wom@rts

Artistas dixitais emerxentes: novos medios, fotografía e vídeo

A primeira das residencias é organizada pola Fundación Municipal de Cultura do Concello de Avilés (España) e diríxese a artistas dixitais emerxentes. Cristina Busto (Avilés 1976), María Castellanos (Xixón, 1985), Mery Pais (Santiago de Compostela, 1990), Teresa Búa (Muxía, 1991), Petra Mrša (Rijeka, 1985), Ana Pečar (Eslovenia, 1977), Hanne Larsen (Trondheim, Noruega, 1985), Marija Stonytė (Vilnius, Lituania) Stéphanie Cadoret (1981, Francia) e Martta Tuomaala (Lieto, Finlandia, 1983) son as creadoras seleccionadas para participaren nesta experiencia do 10 ao 16 de setembro que terá como sede a Factoría Cultural de Avilés, un dos centros máis activos na vida cultural da cidade. De forma previa á celebración da residencia e tralo remate da mesma, as artistas participantes estarán conectadas a través dunha plataforma online colaborativa que lles permitirá compartir o proceso de creación das pezas e servirá tamén para facilitar a súa distribución e visibilidade.

Debuxantes de banda deseñada e ilustradoras

A seguir, será a vila francesa de Angoulême a seleccionada para acoller a residencia dedicada á ilustración e creación de banda deseñada. Sede dun dos principais festivais de ilustración da contorna europea e foco dunha intensa actividade creativa neste ámbito, a cidade ofrécese como un lugar privilexiado para a convivencia das artistas Wom@rts. A Communauté d'Agglomération du Grand Angoulême, en colaboración coa asociación local [Les Mains Sales](#), coordina esta residencia que se desenvolverá do 24 de setembro ao 3 de outubro e na que participarán Xulia Vicente (Cariño, 1993), Nanu González (Oviedo), Meriem Mesfioui (Francia), Scotty Hervouet (Francia), Raquel Lagartos (Oviedo), Korina Hunjak (Rijeka, Croacia, 1993), Fionualla Doran (Lurgan, Irlanda, 1984), Maura McHugh (Galway, Irlanda), Akvilė Misevičiūtė (Vilnius, Lituania, 1987) e Samira Kentrić (Ljubljana, Eslovenia 1976).

Artistas gravadoras e estampadoras

Será a localidade irlandesa de Limerick a que reciba ás participantes da residencia centrada dedicada ás artes do gravado e a estampación. A Limerick School of Art and Design coordina e acolle esta convivencia artística do 15 ao 24 de outubro, na que as dez creadoras participantes realizarán pezas baseadas nos versos de dez poetas europeas a partir do texto de Simone de Beauvoir. Haya Blanco (Santiago de Compostela, 1984), Fernanda Álvarez (México D.C., 1967), Marta Fermín (Oviedo, 1973), Jo Kelley (Reino Unido, 1955), Aoiffe Barret (Irlanda, 1984), Audrey Potrat (Bourgogne, Francia), Louise Mendoche (Valence, Francia, 1984), Melinda Kostelac (Rijeka, Croacia, 1968), Mina Fina (Eslovenia, 1978) e Neringa Žukauskaitė (1975, Lituania) son as artistas seleccionadas por Wom@rts para participaren nesta experiencia.